

## MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA EN GALICIA

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil, segundo o disposto no Decreto 42/2024, do 14 de abril polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG número 73, do 14 de abril) e no Decreto 49/2024, do 22 de abril (DOG número 81, de 24 de abril) polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), estipula que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

#### **Antecedentes:**

Entre os medios e recursos mobilizables pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é conveniente contar en determinados momentos con medios alleos, ademais dos propios, co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

A Cruz Vermella Española de Galicia, conta coa organización, estrutura e persoal con capacitación técnica adquirida pola súa propia experiencia intrínseca nas emerxencias, evidenciando o beneficio de unha resposta rápida eficaz e especializada na prestación de atención social e loxística en urxencias e emerxencias.

#### **Finalidade:**

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Cruz Vermella Española de Galicia o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.



O convenio ten por obxecto establecer as bases para a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Cruz Vermella Española de Galicia, para colaborar no financiamento das actuacións de intervención para unha resposta rápida, eficaz e especializada na prestación de atención social e loxística en urxencias e emerxencias, en determinadas situacións de emerxencia que se orixinen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase na necesidade de atender ás emerxencias ordinarias e extraordinarias e apoiar aos órganos e autoridades con competencia en materia de protección civil, empregando os recursos da propia entidade, fundamentalmente persoal de apoio social debidamente formado para a atención ás persoas, e recursos loxísticos dos que dispón nos seus almacéns, para determinadas situacións de emerxencia que se orixinen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dado que estas funcións só poden ser exercidas de forma exclusiva na nosa comunidade autónoma pola Cruz Vermella Española de Galicia, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia pública, de acordo co establecido no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 05.06.212A.640.00 e código de proxecto 2015 00138 dos orzamentos do ano 2026, por un importe de vinte e cinco mil euros (25.000 €).

A previsión de gastos desagregados por concepto sería a seguinte:

| CONCEPTO                                    | Custe              |
|---|--------------------|
| Persoal                                     | 19.000,00 €        |
| Gastos materiais (inventariable e funxible) | 6.000,00 €         |
| <b>TOTAL ORZAMENTO</b>                      | <b>25.000,00 €</b> |



Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Emerxencias e Interior

Santiago Villanueva Álvarez

